

Programa da proba selectiva para o ingreso na categoría de lavandeiro/a (para as quendas de acceso libre e promoción interna)

Parte común.

Tema 1. A Constitución española: principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois. A protección da saúde na constitución.

Tema 2. O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu Presidente. A Administración pública galega.

Tema 3. A Lei xeral de sanidade: fundamentos e características. Competencias das administracións públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos usuarios do sistema sanitario público.

Tema 4. A Lei de saúde de Galicia: O sistema público de saúde de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde. A súa estrutura organizativa: Disposicións que a regulan.

Tema 5. O Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde: Clasificación do persoal estatutario. Dereitos e deberes. Retribucións. Xornada de traballo. Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva.

Tema 6. O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde: Réxime de provisión e selección de prazos.

Tema 7. Normativa vixente sobre protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: disposicións xerais; principios de protección de datos; dereitos das persoas. A Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes.

Tema 8. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais: Capítulos I, II, III e V. Principais riscos e medidas de prevención nas IISS. Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Lexislación sobre igualdade de mulleres e homes: a súa aplicación nos distintos ámbitos da función pública.

Parte específica.

Tema 1. O espazo físico dunha lavandaría hospitalaria: consideración dos factores que inflúen; organización espacial e funcional. Áreas sucias e limpas. Barreiras de contaminación.

Tema 2. Equipamento, material e instalacións dunha lavandaría hospitalaria. Material permanente de consumo. Instalacións.

Tema 3. Procesamento da roupa en área sucia: técnicas de lavado (temperaturas, tempos), ideas básicas de eliminación de manchas. Procesamento da roupa en área limpa: centrifugado, secado, calandraxe. Procesamento da roupa en roupeiro: almacenamento e distribución.



Tema 4. A auga como un dos elementos máis importantes no lavado de roupa. Calidade da auga. Tratamento da auga.

Tema 5. Características dos téxtiles e estudo das diferentes fibras que compoñen os tecidos. Reacción á acción de ácidos, lixivias, oxidantes, temperatura e acción mecánica.

Tema 6. Tipos de sucidade (manchas) e formas de eliminala. Clasificación segundo o método utilizado.

Tema 7. Características dos produtos de lavado e neutralizantes. Calidades das lixivias. Anticloros: vantaxes e inconvenientes.

Tema 8. Métodos e controis de lavado. Mollado, prelavado, aclarado, lixiviado. Programas de lavado segundo a sucidade e tipo de fibra. Controis: auga, produtos, máquinas, operacións, aclarados e calidade obtida.

Tema 9. Secado de roupas e pezas da institución hospitalaria. A súa clasificación e reconto.

Tema 10. Protección ambiental. Nocións básicas sobre contaminación ambiental. Principais riscos ambientais relacionados coas funcións da categoría. Prevención de riscos laborais no servizo de lavandaría.

Tema 11. Perspectiva de xénero. Saúde e xénero. Violencia de xénero: prevención, detección e actuación por parte dos/das profesionais do Servizo Galego de Saúde.



Nota:

Parte común: Esta información procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 23 de setembro de 2025, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario de xestión e servizos (Diario Oficial de Galicia núm. 188 de 30 de setembro).

Parte específica: Esta información procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 18 de xuño de 2021, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso nas categorías de costureiro/a, lavandeiro/a e pasador/a de ferro. (Diario Oficial de Galicia núm. 126 de 5 de xullo), agás o tema 11 engadido, que procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 23 de setembro de 2025 , pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario de xestión e servizos (Diario Oficial de Galicia núm. 188 de 30 de setembro).